



# VIKINGLAND

**“Déronnos por perdidos”.  
MOBY DICK, Herman Melville**

**Un proxecto audiovisual de Xurxo González**

“O tempo e o mar son infinitos”.  
MOBY DICK, Herman Melville

## **ÍNDICE**

### **1. INTRODUCCIÓN**

#### **Parte I: os contidos**

### **2. O PROTAGONISTA: LUIS**

### **3. A XEOGRAFÍA: ROMO-SYLT**

### **4. A NAVE: VIKINGLAND**

### **5. OS COMPAÑEIROS**

### **7. AS ACTIVIDADES**

### **8. AS ANÉCDOTAS**

#### **Parte II: o tratamento**

### **9. CARACTERÍSTICAS DA PELÍCULA**

### **10. O ESPÍRITO**

### **11. A REMONTAXE**

### **12. DERROTAS**



## 1.INTRODUCCIÓN

Atopámonos diante dun proxecto audiovisual distinto e altamente singular. Non hai posibilidade de comparalo con outro semellante en toda a Historia do Cinema. O punto de partida é un material audiovisual perdido: 9 horas de película caseira. Un material de partida disposto a ser descuberto.

Si, podemos chamalo material de arquivo mas este non é un proxecto de *found footage*. O obxectivo deste proceso é que este material sexa tratado respetando as singularidades e a estrutura polo que foi filmado polo seu autor: servir de carta visual para os seus familiares. Non hai intención de alterar o orden das imaxes nin manipular o seu significado, como moito, potencialo e incrementalo.

O creador destas imaxes é un mariñeiro galego, concretamente da Guarda, embarcado nun transbordador que fai a liña entre a illa alemana de Sylt e a localidade danesa de Romo. Estas imaxes son do ano 1994-1995, sobre todo están filmadas entre o mes de outubro e o mes de febreiro. Un tempo de Nadal especialmente delicado para as mentalidades e sentimentos destes mariñeiros emigrantes lonxe do seu fogar.

Estas imaxes pasaron desapercibidas acumulando polvo e deteriorándose en cintas analóxicas de VHS. Mas, recentemente, dentro da perspectiva revisionista que caracteriza a nosa sociedade, foron visualizadas e postas en valor e agora se quere redimensionalas elevándoas no seus estatus para incorporalas ao marasmo audiovisual e ao debate artístico.

Mais apesares de ter uns contidos moi atractivos neste proxecto hai un transfondo teórico fundamentado na súa reflexión metalingüística e a análise dun ollar. Un proxecto que ten a súa viabilidade non só en festivais de cinema senón en museos de arte contemporánea.

A idea de *Vikingland* é editar este material repetando as súas peculiaridades e discorrer cronolóxico e presentalo de maneira reactualizada insistindo no seu obxectivo inicial: dar a coñecer a experiencia laboral dun grupo de mariñeiros galegos no extranxeiro nun mar conxelado.

Estes mariñeiros estiveron embarcados nun *ferry-boat* que leva por nome: *Vikingland*. Esta é a peculiar historia dun grupo de galegos en “terra de vikingos”!

# Parte I: os contidos

“Vostedes poden chamarme Ismael. Fai uns anos –non importa cantos, exactamente-, con pouco ou ningún diñero na miña billeiteira e nada en particular que me interesara en terra, pensei en darme ao mar e ver a parte líquida do mundo. (...) cada vez que me sinto a tal punto dominado pola hipocondría que debo acudir a un robusto principio moral para non sair deliberadamente á rúa e derribar metodicamente os sombreiros da xente, entonces comprendo que chegou a hora de irme ao mar o antes posíbel”.

MOBY DICK, Herman Melville





## **2. O PROTAGONISTA: LUÍS**

Luis decidiuse por mercar unha videocámara de vídeo para contar en primeira persoa todo o que lle acontecía durante o seu traballo e mandarll as cintas a súa familia. Unha especie de cordón umbilical co súa Itaca, co seu fogar lonxano. Normalmente as marés son moi longas, cerca de 6-7 meses pechado case nun barco. As novas tecnoloxías, neste caso o vídeo, axudarán a Luís a poder ensinar a súa familia tdoas as súas rutinas laborales, as peculiaridades do mar no que traballan, entrevistarán aos membros da tripulación e coñecerá algunhas anécdotas e bromas que farán cos outros mariñeiros galegos que están na súa mesma situación. Unha ligazón para que Luis explique o seu traballo, o seu sacrificio e a súa opción de vida.

O material audiovisual xerme do proxecto ten unha forte focalización! Luis aprende a utilizar a cámara. Con el descubrimos o mundo da imaxe e con el aprendemos a descubrir a realidade que é capaz de recoller o medio. Luis constantemente está facéndonos convites para descubri-lo a el e o mundo no que o traballo condiciona totalmente a súa vida.



Luís será os ollos deste proxecto. Con el descubriremos un mundo especial, moi duro e, ao mesmo tempo, fermoso. Asistiremos á soidade do home do mar, as súas dúbidas e aos seus sentimentos, ao asombroso e a especularidade dun paisaxe que lle é estraño por moito que esté afeito, coñeceremos a xente estraña e hábitos e costumes dun país que, daquela, a igual que o mundo, estaba a mudar fondamente.

Un mar, unha terra, un país e un mundo a ser interpretado por un galego embarcado no *Vikingland!*



### 3. A XEOGRAFÍA: ROMO-SYLT

Estamos en latitudes bastantes septentrionais. Xusto na fronteira entre Alemaña e Dinamarca. Concretamente estamos nunha liña marítima de transporte de viaxeiros, vehículos e mercadorías que une a cidade danesa de Romo e a illa de Sylt.

Sylt é unha illa que foi unha antiga base de baleeiros do Atlántico Norte. Co paso do tempo foi deixando esta actividade pesqueira para medrar como destino vacacional e de turismo na segunda metade do século XX. Unha illa na que aconteceu a comezos deste século ata unha cimera de xefes de goberno da Unión Europea.

Sylt mantén esta dualidade con casas tradicionais con tellados de palla dedicadas ao turismo e un porto de pesca. A vía de comunicación por estrada máis próxima se fai vía Dinamarca para cual, para chegar a ese nodo é preciso unha liña de transbordadores. Un barco da compañía que explota a licencia desa liña recibe o nome de *Vikingland*.

Estamos pois nunha zona de Europa no que se sufren as consecuencias de invernos moi duros. As temperaturas chegan a baixar ate que case conxela a auga do mar. Esta evolución climática nótase bastante no filme xa que acontece desde outono ata o máis riguroso da estación invernal.





#### **4. A NAVE: VIKINGLAND**

Tipoloxía: transbordador, transbordador-rompe xeos. Navega continuamente entre Romo e Sylt. Viaxe para alá e viaxe para acolá. Estibar coches e desestivar máis coches. Non só coches senón tamén acolle camións e autobuses. Tamén leva persoas, veciños das distintas localidades e turistas que buscan na travesía un apunte de aventura ou para mercar sen impostos ou beber alcohol máis barato.

O barco chámase *Vikingland*, “terra de vikingos”. Nome atávico de pasados esplendorosos onde os homes dos fiordos navegaban por toda europa na procura de pillaxe. A xente das poboacións costeras temían a etses extranxeiros que navegaban sen temor entre a néboa.

Nas imaxes temos definidos os espazos do barco: a sala de descanso da tripulación, os camarotes, a sala de máquinas, as cubiertas, a ponte, o supermercado, a sala dos viaxeiros... A pesar desta disparidade o *Vikingland* é un lugar limitado e case pode dicirse que claustrofóbico, onde os mariñeiros fican case todo o día suxeitos ao seu traballo e onde, as instalacións do porto (aparcamento, billetira, praia, ponte) son unha prolongación do barco.





## 5. OS COMPAÑEIROS

A camaradería no traballo xurde en condicións adversas. Os galegos ocupan o posto de mariñeiros no *Vikingland*. Luís ten como persoas máis próximas a Manuel, a Chano e ao Rúa. Son cos que pode conversar e igual a igual nun idioma que lle é de seu. De intercambiar pareceres e temores. De facer bomas no traballo. Eles son a súa conexión co seu orixe.

Os compañeiros de Luís tamén están embarcados nunha viaxe de case maior risco que é o de retratase e ser retratados. Nun principio eles non comprenden o afán cinematográfico de Luís. Pensan que é un mero divertimento que lle está a arredar de concentrarse no traballo. Mais logo van pasando polo aro. A pesar das reticencias son entrevistados sobre a súa estancia no barco, sobre o seu pasado, sobre as súas familias. E, as veces, con algunha que outra dificultade se poñen eles detrás da cámara para filmar a Luís.

Logo están o resto da tripulación, alemáns e daneses que tamén se incorporan ao fresco humano do *Vikingland*. Mais non deixan de ser “boa xente”!



## 7. AS ACTIVIDADES

Asistimos case con enbelesamento as actividades cotiás deste grupo de mariñeiros desde pola mañá ata pola tarde. Mais as imaxes teñen certo grado de repetición. Curiosamente existe un especial insistencia nos atraques e desatraques do barco. É nese momento onde o autor reitera a súa mirada. Procede como se fora un antigo operador dos Lumière. A selección da realidade cae no momento máis característico do traballo e, ao mesmo tempo, onde existe un maior procedemento e maior variedade. É como se fora a saída dunha fábrica ou dunha igrexa, os usuarios do barco renóvanse, son distintos de cada vez. Esta actividade é a que vai a levar a pauta da historia, porque a paisaxe e a climatoloxía marcarán o paso do tempo.



A esta actividade súmase o estivar e destivar os vehículos de cada viaxe. Vese como o barco traga e regurxita camións de grande tonelaxe e autobuses. Tamén se dispón do cobro dos billetes e da revisión dos vehículos. Este é o momento onde existe un contacto co mundo exterior, fora do *Vikingland*. Mais a actividade do barco tamén consiste en abastecer á cociña e ao restaurante de alimentos e mercadorías a igual que revisar o bo funcionamento das máquinas.





## 8. AS ANÉCDOTAS

A rutina esvaécese no mundo dos detalles, dos sucesos inesperados, de feitos sorprendentes que fan que os ollos de Luís e os seus compañeiros os tomen como elementos de esparcemento dentro da árdua disciplina do seu traballo. Así desde a irrupción da cámara na vida do barco, esta serie de elementos sucédense: unha cerxa cos amigos, a aparición dun pingüino, cruzarse cunha lancha, saudar a un autobús de nenos, a primeira nevada, facer un boneco de neve, unha guerra de bolas de neve, a cea de Nadal, os contidos da radio, o mar xeadado, a presenza dunha gabarra...

E todo isto salpicado por declaracións de Luís, comentarios sobre a marcha, en alemán con traducións simultáneas ao galego, preguntas sobre a procedencia de Sabine, Helmut, Selma... Xente que traballa no barco, pezas fundamentais que comparten algunhas confidencias das súas vidas.



## Parte II: o tratamento

“Sí, o mundo é un navío nun viaxe sen retorno”.  
MOBY DICK, Herman Melville





## 9. CARACTERÍSTICAS DA PELÍCULA

O bruto destas filmacións consérvanse en VHS, mais pasaranse a MiniDv para ter un arquivo nun formato editable preferentemente en avi. A pesares desta transformación somos conscientes de que o filme non gañará en calidade de imaxe, máis isto é o que tamén fai atractivo a proposta.

O material de partida contén moitos rasgos de profilmia: textura, movementos rápidos coa cámara, salto de encadre, neve, queimados, desenfoques, zooms, mal son, presenza da cámara, marcas de data e hora, cambios de formato... Unha calidade matérica defectuosa da que o proxecto *Vikingsland* é consciente e do que vai intentar aproveitarse.

Estes condicionamentos técnicos serven para marcar o tempo de filmación reforzando a contextualización da historia, ao mesmo tempo que afonda nas reflexións metalingüísticas que se esporean por todo o metraje e, asemade, convértese nun atractivo lingüístico que lle aporta moita espectacularidade a historia.

*Vikingsland* en ningún momento quere traicionar o espírito da filmación polo que vai querer explotar todas as características que lle son de seu.





## 10. O ESPÍRITO

*Vikingsland* quiere ser un punto de encontro entre a tradición e a modernidade. A idea é depurar un diario videográfico contemporáneo con un xénero literario de viaxes plenamente decimonónico. Mais a pesares desta inspiración a referencia é unha obra moderna dentro da tradición literaria que é *Moby Dick*, de Herman Melville. Unha novela de aventura que entra no detalle case que meticuloso sobre a caza das baleas ou sobre outras actividades complementarias. Cun mínimo de narración artellarase unhas imaxes d alto valor documental que falen e den a idea do que a vida a bordo do *Vikingsland*.

O filme está dentro da forma fílmica do documental, mais sería moi complicado delimitalo a unha das súas taxonomías. Pode ser un filme caseiro, un filme de material encontrado, un diario filmado, un documental contemplativo, un filme experimental...

A idea que pode vertebrar a remontaxe é a realización de dúas ou tres cartas. A primeira máis a última contarán cun prólogo e uns epílogo con imaxes actuais para dar a perspectiva do tempo e para presentar e despedir o proxecto. Logo haberá tres cartas nas que se incorporarán ex-novo voces e sons. Mais os textos a incorporar serán aportes transversais que reforcen a idea do proxecto. Estes textos serán fragmentos da obra de Melville lidos por parte dos protagonistas.



## 11. A REMONTAXE

Ficou fixado o final da travesía para este material agochado polo tempo. Con *Vikingland* estes contidos van a ver de novo a luz. Editaranse eliminando algunhas secuencias que poden entorpecer a fluidez da historia. Farase unha análise das secuencias vertebradoras e esas repectaranse na súa totalidade. Coidarase escurpulosamente o orden cronolóxico derivado pola marca das datas e a hora. Polo tanto a esencia e a intención de Luís como cámara vaise manter ata o final.

Luís puxo os ollos. Unha mirada naïf dunha persona que comeza no mundo dos audiovisuais. Os puntos de vista, as duracións, os encadres ilustran con solvencia unha “escritura cero” sen contaminacións nin referencias. Esas imaxes puras serán a potencialidade máis reveladora da atracción que pode ter o espectador por este proxecto! Porque agora mesmo esta depuración é moi difícil de atopar no panorama audiovisual.

## 12. DERROTAS

Definición da segunda acepción da palabra DERROTA.

**Derrota** (2): (do *lat. dirupta* [vía], 'aberto [camiño]') f. *Mar.* Dirección que leva unha embarcación compensando as correntes, o vento, os erros instrumentais, etc... *Sin. Rumbo.* 2. Camiño aberto na neve. *Sin. Rota.*

Estas Derrotas de *Vikingland* son os extras do documental e son 11 pezas que misturan o pracer contemplativo e a experiencia fílmica. Cae unha ducea de filmes de duración variable entre os 5 e os 45 minutos que intentan ser o máis fidedigno posíbeis ao material de Luís Lomba "O Haia". Un material que difícilmente era de encaixar dentro do documental e que gracias a esta escolma érguense con certa autonomía que permite degustalos por separados ou como complemento de *Vikingland*. Son uns filmes nos que se produce unha extraña simbiose entre o experimental e o documental que poden funcionar moi ben no campo da videocreación.

Estes son os outros rumbos de *Vikingland*:

*Derrota #1* (44:03) [Traxecto I]

*Derrota #2* (28:45) [Descargar caixas I]

*Derrota #3* (22:52) [Traxecto II]

*Derrota #4* (18:10) [Traxecto III]

*Derrota #5* (16:58) [Traxecto IV]

*Derrota #6* (16:24) [Traxecto V]

*Derrota #7* (06:18) [Descargas caixas II]

*Derrota #8* (05:15) [Arranxos-escaleira]

*Derrota #9* (05:51) [Cuberta]

*Derrota #10* (04:31) [Xeo]

*Derrota #11* (08:15) [Familia]

(TOTAL: 176:32)



“Por todos estes motivos, din a benvinda á viaxe no baleeiro.  
As grandes comportas do mundo das maravillas  
abríronse ante min e entre as delirantes imaxinacións  
que me impulsaron ate o fin do meu propósito,  
fluctuaron cara o meu espírito, de dous en dous,  
procesións inteminábeis de baleas.  
En medio de todas las pasou un fantasma xigantesco,  
encapuchado, como unha colina de neve no aire”.  
MOBY DICK, Herman Melville



**XURXO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ**  
**Rúa San Caetano, 46**  
**36780, A Guarda, Pontevedra**  
**Tif:606 075 192**  
**E-mail: ghrelo@yahoo.es**